



CÓMIC e NOVELA GRÁFICA



ASTÉRIX E OS PICTOS–Goscinny–Uderzo

Novo álbum da colección clásica de Astérix cos personaxes de sempre e moitos novos. Desta volta, Astérix e Obélix viaxan a Caledonia, á Escocia romana.




CASA BÁBIL–Dulemi–Rojo–Carbajo

Marzo de 2003. As primeiras bombas caen sobre Bagdad: a ocupación de Iraq xusto acaba de comezar e Hayat Babil, unha nova xornalista de trinta anos, refúxíase no sótano da casa da súa familia. Unha guerra cuns obxectivos aínda sen desvelar acaba de comezar, e Hayat relataranos como afectará á súa familia e a todo o pobo iraquí.



EL VIAJE DE DARWIN– J.M. Fonollosa

Serie de cinco cómics (dos que se levan publicados tres) que relata a viaxe que serviu de base ao naturalista para a súa futura teoría de evolución das especies.



LA VUELTA AL MUNDO EN 80 DÍAS– Jules Verne



Adaptación do clásico de Verne agora en banda deseñada



INADAPTADAS– C. Castellucci–J.Rugg

Un atentado en metro City cambia a vida de Jane. Os seus pais deciden irse a vivir a un sitio máis seguro e Jane ten que volver empezar de novo, pero esta vez non quere codearse coas “guays” do instituto, ten outros plans. Necesita atoparlle sentido á vida e cre que creando a plataforma de terrorismo artístico.

DVDS



Información dos libros proporcionada polas editoriais

IES POETA AÑÓN -Outes-

Páxina web: www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon

Club de lectura: <http://laretas.blogspot.com>



BIBLIOTECA
IES Poeta Añón-OUTES



Recomendacións NADAL 2013

“Divulgar a ciencia é a única maneira que temos para comprender o mundo que nos rodea e para poder xulgar criticamente o que nos din, o que é igual que ser máis libres”


Ángel Carracedo Álvarez

Catedrático de Medicina Legal e Forense -USC-

XUVENIL

DIARIOS DEL CO2- S.Lloyd

Ano 2015. Logo dun desastre ecolóxico que afecta a todo o planeta, Gran Bretaña inicia un protocolo de restricción no uso do CO2 para evitar que a situación se repita. Laura, unha moza despreocupada e moderna, conta no seu diario como a súa vida pega un cambio radical a consecuencia do novo sistema de aforro de enerxías e dos novos desastres naturais que afectan ao planeta polo quecemento global.




MÍ TEORÍA DE TODO- JJ Johnson

Fai un ano que Sarah viviu o peor episodio da súa vida. A súa mellor amiga, Jamie, morreu nun extraño accidente no ximnasio da escola do que foi testemuña. Desde entón, a vida de Sarah caeu en picado.




VENTO E CHUVIA- Manuel Gago

Introducimonos na Idade do Ferro. Dez prodixiosos deuses que poboaron os mitos da antiga Gallaecia cobran vida nun universo con alicerces nos últimos descubrimentos da arqueoloxía e das ciencias do pasado pero sobre o que voa ceibe a imaxinación e a fantasía, enchendo con soños os ocos baleiros da ciencia.




ÁMOTE LEO A- Rosa Aneiros

Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. En cambio, todo se esboralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: asistir ela tamén ou marchar soa. A encrucillada é difícil e as dúbidas afógana, pero a ansia por coñecer mundo pode máis que todos os medos.



NUBES DE EVOLUCIÓN- Andrea Maceiras

A novela, preséntanos a tres personaxes. Os tres narran en primeira persoa anacos das súas vidas ou as súas vivencias. Son vidas marcadas polo desengano, polo fracaso e, sobre todo, pola soidade. Teñen en común o feito de se atoparen casualmente na fría estación de autobuses.



ADULTOS

LA MUJER QUE VIVIÓ UN AÑO EN LA CAMA- S. Townsend

O día en que os seus fillos marchan á universidade, Eva cruza a porta da súa casa e métese na cama en pleno día. Non está doente. Non está cansa. E, desde logo, non ten unha aventura. Simplemente, chegou o momento de dicir basta. Unha novela sobre o que sucede cando alguén deixa de ser o que os demais desexan que sexa.




FLOR DE AREA- M. Lourenzo González

Flor de area é a historia dunha moza iraquí que, destinada a ser a doce esposa dun persoeiro principal, se atreveu a rachar coa inercia para exercer de muller, de nai, de traballadora, de amante, de patriota, na cerna dunha sociedade conservadora e baixo a opresión da dominación estranxeira



LA VERDAD SOBRE EL CASO HARRY QUEBERT- J. Dicker

Novela de suspense a tres tempos -1975, 1998 e 2008- sobre o asasinato dunha moza de quince anos na pequena cidade de Aurora, en New Hampshire.



Y LAS MONTAÑAS HABLARON- K. Hosseini

Novela na que se entrelazan os destinos de varias xeracións e se exploran as infinitas formas en que o amor, o valor, a traición e o sacrificio desempeñan un papel determinante nas vidas das persoas. A decisión dunha humilde familia campesiña de dar unha filla en adopción a un matrimonio adiñeirado é o fundamento deste relato.



LEGADO NOS ÓSOS- Dolores Redondo

Segundo volume da triloxía da autora ambientada no val do Baztán e protagonizada pola inspectora Amaia Salazar, da Policía Foral de Navarra.



DIVULGATIVOS-CIENCIAS

MÁIS RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS QUE NUNCA TE FIXECHES- P. Nessmann-N. Choux

As respostas a máis de 100 preguntas inéditas, sempre en serio e con sentido do humor. Dende o descubrimento do Universo, ata a orixe da humanidade, pasando polos segredos da natureza; do inmenso ao minúsculo, do diminuto ao colosal.



LOCOS POR LA CIENCIA- D. Tatarsky

Un libro para todas as idades que expón de forma fácil e divertida as marabillas da ciencia a partir de sinxelos pasos que conducen a espectaculares resultados. E é que os grandes logros da ciencia están ao alcance de calquera.



OS DADOS DO RELOXEIRO- Xurxo Mariño

O autor é científico e profesor da Universidade da Coruña. Neste libro recolle algún dos seus artigos quincenais de divulgación científica.



EL COCINERO CIENTÍFICO- D. Golombek/P. Schwarzbaum

A ciencia ten moito de cociña, de probar e de mesturar. Neste libro os autores contan algúns dos segredos cos que os cocineros científicos poden divertirse e deleitar aos seus invitados



DESAYUNO CON PARTÍCULAS- S. Fdez. Vidal

Os autores invítannos a un divertido almorzo ao que están invitados tamén Newton, Einstein, Heisenberg e outros famosos físicos da historia. Entre magdalenas, donuts, café con leite e zumes de laranxa, emprehenderemos un fascinante e revelador viaxe ás orixes do universo.



A CIENCIA NO PUNTO DE MIRA- Jorge Mira

Quen dixo que a ciencia é aburrida? A ciencia, ademais de achegar coñecementos pode ser unha fonte de entretemento que non coñece idades. Neste libro descubrirás fenómenos e situacións puramente cotiás que a ciencia explica dun modo ameno e sorprendente.

